

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERGÍA E TURISMO

**7774** *Real decreto 518/2015, de 19 de xuño, polo que se aproban os estatutos xerais dos colexios oficiais de enxeñaría en informática e do seu Consello Xeral.*

A Lei 20/2009, do 4 de decembro, de creación do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñaría en Informática, previa na disposición transitoria primeira a constitución dunha Comisión Xestora que debía elaborar no prazo de seis meses uns estatutos provisionais reguladores dos órganos de goberno do Consello Xeral de Colexios Profesionais de Enxeñaría en Informática, os cales, verificada a súa legalidade polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, se publicarían no «Boletín Oficial del Estado», e na disposición transitoria segunda que, no prazo dun ano desde a súa constitución, o dito consello elaboraría os seus estatutos definitivos.

De conformidade co disposto na citada lei, pola Orde ITC/2180/2010, do 29 de xullo, ordenouse a publicación dos estatutos provisionais do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñaría en Informática. Esa publicación produciuse no «Boletín Oficial del Estado» número 192, do 9 de agosto de 2010.

A adopción destes estatutos xerais, segundo a proposta recibida do Consello Xeral, obedece á necesidade de acomodar a estrutura da organización colexial da enxeñaría en informática aos cambios derivados da Lei 74/1978, do 26 de decembro, que adecuou o réxime dos colexios á Constitución, e da Lei 7/1997, do 14 de abril, de medidas liberalizadoras en materia de solo e sobre colexios profesionais.

Ademais, os estatutos débense axustar ás previsións da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e á Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, que modificou, en gran parte, a Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais.

A aprobación destes estatutos xerais dos colexios oficiais de enxeñaría en informática e do seu Consello Xeral corresponde ao Goberno, de conformidade co establecido no artigo 6.2 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, modificada pola Lei 25/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizo e o seu exercicio.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 19 de xuño de 2015,

#### DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación dos estatutos.*

Apróbanse os estatutos xerais dos colexios oficiais de enxeñaría en informática e do seu Consello Xeral, que figuran a continuación do presente real decreto.

Disposición adicional primeira. *Adaptación dos estatutos particulares dos colexios e consellos autonómicos.*

Os colexios e consellos autonómicos existentes no momento de entrada en vigor destes estatutos disporán, a partir da dita data, dun prazo máximo de doce meses para adecuar os seus estatutos particulares e a súa presentación á Administración pública competente.

Disposición adicional segunda. *Elección dos membros da Xunta de Goberno.*

Dentro dos 15 días seguintes á entrada en vigor destes estatutos, a Xunta de Goberno saínte do Consello Xeral efectuará a convocatoria da Asemblea Xeral, que se realizará no mes seguinte á súa convocatoria, en cuxo primeiro punto da orde do día se procederá á elección e toma de posesión dos membros da Xunta de Goberno entrante.

Disposición derogatoria única. *Derogación dos estatutos provisionais.*

Derróganse os estatutos provisionais do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñaría en Informática, cuxa publicación se ordenou mediante a Orde ITC/2180/2010, do 29 de xullo.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Disposición derradeira segunda. *Competencias autonómicas.*

A regulación contida nos estatutos xerais entenderase sen prexuízo da que, ao abeiro das súas competencias na materia, aproben as comunidades autónomas para os colexios e consellos que se constitúan nos seus respectivos ámbitos territoriais.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de xuño de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo,  
JOSÉ MANUEL SORIA LÓPEZ

## ESTATUTOS XERAIS DOS COLEXIOS OFICIAIS DE ENXEÑARÍA EN INFORMÁTICA E DO SEU CONSELLO XERAL

### TÍTULO I

#### Da organización colexial de enxeñaría en informática

Artigo 1. *Organización colexial. Definición. Personalidade e natureza xurídica das entidades que a compoñen.*

1. A organización colexial que se regula nos presentes estatutos xerais está integrada por todos os colexios oficiais de enxeñaría en informática, os consellos autonómicos que se poidan constituír e polo Consello Xeral dos colexios.

Todos eles son corporacións de dereito público constituídas conforme a lei, con estrutura e funcionamento interno democráticos que agrupan as persoas que desempeñen os títulos de Enxeñaría en Informática, ou os que, calquera que sexa a súa denominación, os substitúan ou se creen con alcance e nivel equivalentes e reúnan os requisitos exixidos por estes estatutos xerais e polas normas que lles sexan de aplicación. Denominaremos corporación colexial calquera destas corporacións integrantes da organización colexial.

2. Os colexios, os consellos autonómicos e o Consello Xeral teñen personalidade xurídica propia e capacidade de obrar plena para o cumprimento dos seus fins. Na súa

organización e funcionamento encóntranse suxeitos ao principio de transparencia na súa xestión e gozan de plena autonomía, no marco dos presentes estatutos xerais e no dos seus propios estatutos particulares.

*Artigo 2. Dos colexios, dos consellos autonómicos e do Consello Xeral. Ámbito territorial.*

1. Os consellos autonómicos que, se é o caso, se constitúan ao abeiro do disposto na lexislación autonómica correspondente terán os fins e funcións que determinen os seus estatutos particulares, con suxeición ao disposto na respectiva lexislación autonómica, na lexislación básica estatal e nos presentes estatutos xerais. O único consello de ámbito territorial superior ao autonómico será o Consello Xeral.

2. O ámbito territorial de cada colexio ou, se for o caso, consello autonómico quedará determinado nos seus respectivos estatutos particulares, dentro dos límites previstos na lexislación autonómica. Os distintos colexios serán únicos nos seus respectivos ámbitos territoriais.

3. O Consello Xeral é o organismo representativo e coordinador superior da organización colexial.

4. A estrutura interna e o funcionamento do Consello Xeral desenvolveranse de conformidade co disposto nos presentes estatutos xerais.

5. En todos os organismos colexiais integrantes, os procesos de aprobación dos estatutos particulares definitivos deberán, obrigatoriamente, proporcionar mecanismos de participación e proposta de emendas para todos os membros da Asemblea Xeral, con carácter previo a esta e con prazos e procedementos adecuados para o efecto.

*Artigo 3. Réxime xurídico.*

1. Os colexios e consellos autonómicos quedan suxeitos á Constitución e, se for o caso, aos estatutos de autonomía que correspondan polo seu ámbito territorial. Así mesmo, rexeranse pola Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, pola lexislación estatal básica ou de aplicación directa ou xeral que afecte estes colexios, pola lexislación sobre colexios profesionais que, en desenvolvemento da lexislación estatal, aproben as comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias e territorios, por estes estatutos xerais e polos estatutos particulares de cada colexio.

2. O Consello Xeral queda igualmente suxeito á Constitución, á referida Lei sobre colexios profesionais, á lexislación estatal básica ou de aplicación directa ou xeral e a estes estatutos xerais.

*Artigo 4. Actos e resolucións corporativas.*

1. Os actos e resolucións dos colexios, dos consellos autonómicos e do Consello Xeral serán executivos cando estean suxeitos a dereito administrativo, de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e, se for o caso, na lexislación autonómica.

2. Os actos e resolucións dos colexios poderanse impugnar en alzada no prazo dun mes ante o Consello Autonómico respectivo ou, mentres este non se constituía, ante o Consello Xeral, sempre e cando non se dispoña outra cousa na normativa autonómica en materia de colexios profesionais.

3. Os actos e resolucións do Consello Xeral poñen fin á vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 109 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e serán directamente impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa, ben que, con carácter previo, se poderá interpor contra os actos e resolucións do Consello Xeral recurso de reposición ante o mesmo Consello Xeral, no prazo dun mes. Tamén porán fin á vía administrativa os actos e resolucións dos consellos autonómicos, se non se dispón outra cousa na lexislación autonómica.

4. Sen prexuízo do anterior, calquera persoa física ou xurídica poderá dirixirse ao Consello Xeral para formular calquera tipo de queixa ou reclamación en relación con calquera asunto relacionado coa organización colexial ou a profesión de enxeñaría en informática. Con carácter previo á presentación dunha queixa ou reclamación ante o Consello Xeral relativa a unha actuación dun Colexio en particular, deberase presentar aquela ante o dito colexio ou consello autonómico, se así o prevé a lexislación autonómica.

5. Os actos e resolucións relativos ás súas relacións laborais ou civís estarán suxeitos ao réxime xurídico correspondente.

#### Artigo 5. *Portelo único.*

1. As corporacións colexiais disporán, xa sexa a nivel territorial ou de modo agregado, dun punto de acceso electrónico único a través do cal os profesionais poidan, de maneira non presencial e de forma gratuíta, realizar todos os trámites necesarios para a colexiación, o seu exercicio e a súa baixa no colexio respectivo, presentar toda a documentación e solicitudes necesarias, coñecer o estado de tramitación dos procedementos en que teñan a consideración de interesados, recibir a correspondente notificación dos actos de trámite preceptivos e a resolución dos expedientes, incluída a notificación dos disciplinarios cando non sexa posible por outros medios, ser convocados ás asembleas xerais e pór no seu coñecemento a actividade pública e privada da corporación colexial.

2. O mencionado portelo único conterá a información a que se refire a lexislación básica sobre colexios profesionais para a mellor defensa dos dereitos da cidadanía destinataria da actividade dos profesionais que agrupa a organización colexial, en especial, o acceso ao rexistro de colexiados, que estará permanentemente actualizado e no cal constarán, ao menos, os seguintes datos: nome e apelidos dos profesionais colexiados, número de colexiación, Administración pública de destino e situación administrativa, os datos das asociacións ou organizacións de consumidores e usuarios ás cales os destinatarios dos servizos profesionais se poden dirixir para obter asistencia, os contidos dos códigos deontolóxicos, así como as vías de reclamación e os recursos que se poderán interpor en caso de conflito entre un cidadán e un colexiado ou a corporación colexial.

3. Co fin de garantir os principios de interoperabilidade entre os colexios e consellos e de accesibilidade das persoas con discapacidade, recollidos ambos na Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, a corporación colexial creará e manterá as plataformas tecnolóxicas que garantan a interoperabilidade entre os distintos sistemas e a accesibilidade das persoas con discapacidade.

#### Artigo 6. *Servizo de atención a colexiados e a consumidores ou usuarios.*

1. As corporacións colexiais atenderán, no ámbito da súa competencia, as queixas ou reclamacións presentadas polos colexiados.

2. Así mesmo, disporán dun servizo de atención aos consumidores ou usuarios, que, necesariamente, tramitará e, se for o caso, resolverá cantas queixas e reclamacións referidas á actividade colexial ou profesional dos colexiados presente calquera consumidor ou usuario que contrate os servizos profesionais, así como por asociacións e organizacións de consumidores e usuarios na súa representación ou en defensa dos seus intereses.

3. A través deste servizo de atención aos consumidores ou usuarios, resolverase sobre a queixa ou reclamación, segundo proceda, ben informando sobre o sistema extraxudicial de resolución de conflitos ben remitindo o expediente aos órganos colexiais competentes para instruír os oportunos expedientes informativos ou disciplinarios, ben arquivando ou ben adoptando calquera outra decisión da súa competencia, conforme dereito.

4. A presentación de queixas e reclamacións poderase realizar persoalmente ou por vía electrónica, a través do punto de acceso electrónico único da corporación colexial.

### Artigo 7. *Comunicacións.*

1. Para as comunicacións das entidades integrantes e cara ás entidades integrantes da organización colexial serán válidos, en todo caso, os procedementos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. Adicionalmente, as entidades integrantes da organización colexial poderán utilizar procedementos de comunicación distintos aos anteriores nos seguintes casos:

a) No seo dos seus órganos de goberno, para as comunicacións entre os seus membros poderanse utilizar listas de distribución, webs colaborativas, redes sociais, ou outras ferramentas, cando así se estableza na normativa correspondente ou acordo do dito órgano. Estas ferramentas proporcionarán a necesaria confidencialidade das deliberacións dos órganos de goberno e un rexistro das deliberacións realizadas.

b) Nas relacións dos colexios cos seus colexiados cando o dito procedemento se establecese formalmente nos seus estatutos particulares ou nun acordo da súa Asemblea Xeral.

c) Nas relacións do Consello Xeral coas corporacións colexiais, sen prexuízo do establecido no número 1, e con obxecto de lograr a máxima axilidade e eficiencia de custos, o medio habitual de comunicación será o correo electrónico ao enderezo que a corporación colexial establecese nos seus datos institucionais básicos ou, se for o caso, ao enderezo adicional que, para o efecto, a corporación colexial estableza. Cando o Consello requira xustificante de recepción dunha comunicación, o secretario da corporación colexial será o responsable de velar pola súa consecución nun prazo máximo de 48 horas en día hábil desde o seu envío. Ante un xustificante de recepción non realizado, o Consello repetirá unha segunda comunicación coa mesma fórmula incluíndo enderezos institucionais adicionais que, para o efecto, a corporación colexial establecese, e entenderase recibida pola corporación colexial, aínda que non se reciba xustificante de recepción no prazo establecido, sempre que non se recibise mensaxe de fallo no envío da mensaxe desde o Consello Xeral.

Do mesmo modo, as comunicacións habituais das corporacións colexiais co Consello realizaranse de maneira análoga por correo electrónico e xustificante de recepción ao enderezo da Secretaría do Consello, salvo directriz en contra específica establecida polo Consello, polos presentes estatutos xerais ou pola lexislación vixente.

Para os efectos previstos nos presentes estatutos, considerarase que existe negligencia cando as corporacións colexiais non xustifiquen a recepción de forma reiterada e anormal e no prazo dun ano das comunicacións, tanto nas comunicacións habituais, tal e como se definen no artigo 7, como por calquera outro medio cando así o solicite o emisor.

3. Cando unha corporación colexial faga uso de envíos a correos electrónicos individuais (é dicir, non a listas de distribución) ademais do destinatario ou destinatarios como tal, incorporarase como destinatario adicional algunha conta da corporación colexial, de modo que a súa recepción na dita conta sirva de acreditación do envío realizado.

4. Sen prexuízo de todo o anterior, as convocatorias de asembleas e procesos electorais incluírán necesariamente o envío por un medio efectivo (correo postal, correo electrónico ou outros medios equivalentes) e a publicación do anuncio correspondente na portada da páxina web da entidade sen restricións de acceso.

5. As corporacións colexiais procurarán adecuar a natureza do procedemento á transcendencia do obxecto da comunicación, utilizando procedementos o máis próximos ou equivalentes aos do número 1 canto máis afecten dereitos e obrigacións individuais.

### Artigo 8. *Memoria anual.*

1. As corporacións colexiais estarán suxeitas ao principio de transparencia na súa xestión. Para isto, cada unha destas deberá elaborar unha memoria anual, que conteña, ao menos, a seguinte información:

a) Informe anual de xestión económica que inclúa os gastos de persoal suficientemente desagregados e especifique as retribucións dos membros da Xunta de Goberno en razón do seu cargo.

b) Importe das cotas aplicables, desagregadas por concepto e polo tipo de servizos prestados, así como as normas para o seu cálculo e aplicación.

c) Información agregada e estatística relativa aos procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución ou que alcanzasen firmeza, con indicación da infracción a que se refiren e da sanción imposta, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

d) Información agregada e estatística relativa a queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou as súas organizacións representativas, así como sobre a súa tramitación e, se for o caso, os motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

e) Os cambios no contido dos seus códigos deontolóxicos, en caso de dispor deles.

f) As normas sobre incompatibilidades e as situacións de conflito de intereses en que se encontren os membros das xuntas de goberno.

g) Información estatística sobre o visado. Cando proceda, os datos presentaranse desagregados territorialmente por corporacións.

2. A memoria anual deberase facer pública, a través da páxina web da corporación colexial, no primeiro semestre de cada ano.

3. O Consello Xeral fará pública, xunto á memoria, a información estatística a que fai referencia o número 1 deste artigo de forma agregada para o conxunto da organización colexial.

4. Para o efecto de dar cumprimento á previsión do número anterior, os consellos autonómicos e os colexios facilitarán ao Consello Xeral a información necesaria para elaborar a memoria anual.

## TÍTULO II

### Dos colexios

#### CAPÍTULO I

##### Fins e funcións dos colexios

Artigo 9. *Fins esenciais dos colexios.*

Son fins esenciais dos colexios nos seus respectivos ámbitos territoriais:

a) A ordenación, no ámbito da súa competencia, do exercicio da profesión de enxeñaría en informática, de acordo cos criterios básicos que estableza o Consello Xeral, para velar pola ética e a dignidade profesional e o respecto debido á sociedade.

b) A representación da profesión e a defensa dos intereses profesionais dos colexiados.

c) A protección dos intereses dos consumidores e usuarios dos servizos dos ditos profesionais.

d) Promover o progreso da sociedade da información e o coñecemento, e a súa contribución ao interese xeral.

e) Velar, no seu ámbito territorial e no marco das súas competencias, polo cumprimento dos preceptos constitucionais sobre o uso da informática para garantir a honra e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos, entre os que se inclúe o dereito á propia imaxe.

f) A defensa e promoción da enxeñaría en informática como profesión, a través de cantas actividades poidan contribuir ao seu desenvolvemento e avance.

g) Calquera outro fin que lle atribúan a lei ou os presentes estatutos e que contribúa ao desenvolvemento da enxeñaría en informática e da sociedade no seu conxunto.

Artigo 10. *Funcións dos colexios.*

Compete aos colexios, no seu ámbito territorial, o exercicio das seguintes funcións:

a) Exercer cantas funcións lle sexan encomendadas ou delegadas polas administracións públicas e asesorar os organismos da Administración do Estado, das administracións das comunidades autónomas, así como das cidades de Ceuta e Melilla, das entidades que integran a Administración local, persoas ou entidades públicas ou privadas e os seus propios colexiados, emitindo informes, elaborando estatísticas, resolvendo consultas ou actuando en arbitrxes técnicas e económicas por instancia das partes.

b) Participar nos consellos ou órganos consultivos da Administración pública en materia da súa competencia e estar representados nos consellos sociais e padroados universitarios.

c) Exercer a potestade disciplinaria na orde profesional e colexial sobre os colexiados.

d) Facilitar aos xulgados e tribunais, conforme as leis, a relación de colexiados que poidan ser requiridos para intervir como peritos nos asuntos xudiciais, ou designalos directamente, segundo proceda.

e) Desempeñar, no seu ámbito competencial, a representación e defensa dos dereitos e intereses da profesión ante toda clase de institucións, xulgados e tribunais, administracións públicas, entidades sociais e particulares, con lexitimación para ser parte en cantos litixios afecten os intereses profesionais xerais ou colectivos da profesión.

f) Adoptar medidas conducentes a evitar a intrusión profesional.

g) Recoller e canalizar as aspiracións da profesión, elevando aos órganos da Administración pública correspondente cantas suxestións garden relación co perfeccionamento e coas normas que rexan a prestación de servizos propios.

h) Visar os proxectos e demais traballos profesionais dos colexiados unicamente cando se solicite por petición expresa dos clientes.

i) Encargarse do cobramento das percepcións, remuneracións ou honorarios profesionais devindicados no exercicio libre da profesión, cando o colexiado o solicite expresamente, nos casos en que o Colexio organizase os servizos adecuados e nas condicións que se determine nos estatutos de cada colexio.

j) Informar e ditaminar nos procedementos administrativos ou xudiciais en que se discutan cuestións relacionadas cos honorarios profesionais dos colexiados e establecer baremos orientativos para os únicos efectos de taxación de custas.

k) Intervir, en vía de conciliación ou arbitraje, nas cuestións que por motivos profesionais se susciten entre os colexiados ou entre estes e os seus clientes e resolver por laudo, por instancia das partes interesadas, as discrepancias que poidan xurdir.

l) Levar os rexistros de colexiados.

m) Crear e manter un portelo único, nos termos previstos na lei.

n) Elaborar e publicar unha memoria anual, nos termos previstos na lei e nestes estatutos.

ñ) Crear e manter un servizo de atención aos colexiados e aos consumidores e usuarios.

o) Participar na elaboración dos plans de estudo e emitir informe sobre as normas de organización dos centros docentes correspondentes ás profesións respectivas, sempre que o soliciten os ditos centros, e manter permanente contacto con eles e preparar a información necesaria para facilitar o acceso á vida profesional dos novos profesionais.

p) Observar e facer observar aos colexiados as leis xerais e especiais e os estatutos particulares de cada colexio e regulamentos de réxime interior, así como as normas e decisións adoptadas polos órganos colexiais, en materia da súa competencia.

q) Procurar a harmonía e colaboración entre os colexiados, velando por que estes desenvolvan a súa actividade profesional en réxime de libre competencia, con suxeición

aos límites establecidos na Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, na Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal, e na Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade.

r) Organizar actividades e servizos comúns de interese para os colexiados, de carácter profesional, formativo, cultural, asistencial e de previsión e doutros análogos, contribuíndo ao sostemento económico mediante os medios necesarios.

s) Atender as solicitudes de información sobre os seus colexiados e sobre as sancións firmes a eles impostas, así como as peticións de inspección ou investigación, que lles formule calquera autoridade competente dun Estado membro da Unión Europea ou das institucións da Unión Europea, nos termos previstos na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, en particular, no que se refire a que as solicitudes de información e de realización de controis, inspeccións e investigacións estean debidamente motivadas e que a información obtida se empregue unicamente para a finalidade para a que se solicitou.

t) Exercer as funcións de autoridade competente nos termos reflectidos na lexislación vixente e, especificamente, na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

u) Impulsar e desenvolver a mediación, así como desempeñar funcións de arbitraje, nacional e internacional, de conformidade co establecido na lexislación vixente.

v) Calquera outra función que redunde en beneficio dos intereses dos colexiados ou da enxeñaría en informática.

## CAPÍTULO II

### Organización dos colexios e proceso electoral

#### Artigo 11. *Organización básica.*

É competencia de cada colexio establecer e regular a súa organización interna, de conformidade co seguinte organigrama básico:

- a) Asemblea Xeral.
- b) Xunta de Goberno ou Consello de Goberno.
- c) Presidencia ou Decanato.

#### Artigo 12. *Asemblea Xeral.*

1. A Asemblea Xeral é o órgano supremo de expresión da vontade do Colexio e réxese polos principios de participación igual e democrática de todos os colexiados. A participación na asemblea será persoal e poderase realizar tamén por representación ou delegación, sempre que os estatutos particulares dos colexios o prevexan.

2. A Asemblea Xeral asume como propias as competencias seguintes:

a) Elaborar e aprobar en fase de proxecto os estatutos particulares, sen prexuízo da necesaria aprobación definitiva de tales estatutos polo Consello Xeral.

b) Aprobar o regulamento de réxime interior do Colexio, que deberá ser visado polo Consello Xeral.

c) Aprobar a liquidación dos orzamentos, balances e contas anuais do ano vencido.

d) Aprobar o plan anual de goberno, así como os orzamentos do ano en curso e as habilitacións de crédito.

e) Aprobar cada ano a memoria correspondente ao exercicio vencido, que conterà, como mínimo, a información que exige para ela a lexislación básica sobre colexios profesionais, ademais da liquidación dos orzamentos, balances e contas anuais.

f) Autorizar os actos de disposición dos bens inmobles propios e dereitos reais constituídos sobre estes, así como dos restantes bens patrimoniais propios que figuren inventariados como de considerable valor.



g) Controlar a xestión da Xunta de Goberno solicitando informes e adoptando, se for o caso, as oportunas mocións.

h) As demais que as asembleas xerais dos colexios profesionais teñan legalmente atribuídas.

3. Os estatutos particulares de cada colexio regularán a convocatoria, a celebración e a periodicidade das asembleas que, como mínimo, serán anuais. En todo caso, a convocatoria incluírá a comunicación aos colexiados por un medio efectivo (correo postal, correo electrónico ou outros medios equivalentes) e a publicación simultánea da convocatoria na portada da parte pública da páxina web do Colexio, con sinalamento do día, do lugar de celebración, da hora e da correspondente orde do día.

#### Artigo 13. *Xunta de Goberno.*

1. A Xunta de Goberno é o órgano de administración e dirección do Colexio que exerce as competencias deste non reservadas á Asemblea Xeral conforme o artigo anterior, nin asignadas especificamente polos estatutos particulares a outros órganos colexiais.

2. Os estatutos particulares de cada colexio regularán a composición, forma de elección e duración dos cargos da Xunta de Goberno, que contará, en todo caso, co presidente, un secretario e un tesoureiro.

3. Sen prexuízo das funcións que se determinen nos estatutos particulares, o secretario desempeñará a función de coordinación administrativa dos distintos órganos e servizos do Colexio, será o responsable da constancia documental dos acordos da Asemblea e a Xunta de Goberno, a emisión de certificados, a custodia documental, a elaboración da memoria anual, a remisión ao Consello Xeral dos datos institucionais básicos do Colexio e velará con dilixencia polo cumprimento dos presentes estatutos xerais e os estatutos particulares no funcionamento do Colexio.

4. Sen prexuízo das funcións que se determinen nos estatutos particulares, o tesoureiro desempeña a función da xestión económica do Colexio, presenta os orzamentos de ingresos, gastos e memorias económicas, así como establece os medios para o cobramento das cotas e a súa xestión, realiza o control das operacións bancarias que deba realizar o Colexio, así como a apertura, a disposición e a cancelación de contas bancarias, que serán sempre de disposición mancomunada da Tesouraría e un ou máis membros da Xunta de Goberno.

5. Por acordo interno dela procederase á designación dos representantes do Colexio no Consello Xeral.

#### Artigo 14. *Presidencia ou Decanato.*

A representación legal do Colexio recae en quen desempeña a Presidencia ou Decanato, quen, así mesmo, preside a Asemblea Xeral e a Xunta de Goberno, velando pola debida execución dos seus acordos e adoptando nos casos de urxencia as medidas procedentes.

#### Artigo 15. *Proceso electoral.*

1. As eleccións para a designación das xuntas de goberno dos colexios axustaranse ao principio de libre e igual participación dos colexiados, sen prexuízo de que os estatutos particulares de cada colexio poidan establecer até o dobre de valoración de voto dos exercentes respecto dos non exercentes.

2. Serán electores todos os membros colexiados con dereito a voto, conforme os seus estatutos particulares. Poderán optar ás candidaturas as persoas colexiadas que, desempeñando a condición de electores, non estean incursas en prohibición ou incapacidade legal ou estatutaria e reúnan as condicións exixidas polas respectivas normas electorais. Non se poderán impor condicións para optar ás candidaturas que exclúan máis da cuarta parte dos colexiados. Este límite non será aplicable á exixencia de

exercicio profesional como requisito para optar á Presidencia ou Decanato do Colexio, así como a calquera outro cargo, salvo aqueles que sexan reservados polos estatutos particulares aos non exercentes.

No caso de condicións de antigüidade na colexiación non se poderá exixir máis de dous anos e, no caso do exercicio profesional, non se poderá exixir máis de catro anos.

3. Os estatutos particulares fixarán a duración do mandato, que non poderá ser superior a catro anos.

4. O voto exercerase persoalmente, por correo postal ou por vía electrónica, de acordo co que se estableza para o efecto para garantir a súa autenticidade.

5. No prazo de 5 días desde a constitución, o secretario da Xunta de Goberno deberá comunicar a súa composición xunto cos datos institucionais básicos ao Consello Xeral, se é o caso, ao Consello Autonómico respectivo e ao órgano competente da comunidade autónoma. Enténdese por datos institucionais básicos a denominación ou denominacións oficiais do Colexio, NIF, enderezo postal, punto de acceso electrónico único, correo electrónico institucional, correo electrónico dos membros da Xunta de Goberno, teléfono e fax, se é o caso. Así mesmo, comunicarase no mesmo prazo e aos mesmos destinatarios calquera variación posterior na composición da Xunta de Goberno e os ditos datos institucionais básicos.

## CAPÍTULO III

### Dos colexiados

Artigo 16. *Colexiación, ingresos e traslados.*

1. Os colexios integrarán as persoas que se encontren en posesión dun título universitario oficial vinculado co exercicio da profesión de enxeñaría en informática ou ben que se encontren en posesión dun título universitario debidamente homologado ou declarado equivalente ao anterior polo Ministerio competente.

2. A colexiación terá carácter voluntario, salvo disposición legal que estableza o contrario. Para tal fin, os colexios disporán dos medios necesarios para que os solicitantes poidan tramitar a súa colexiación por vía telemática nos termos da lexislación básica sobre colexios profesionais.

3. Os colexios non poderán exixir aos colexiados que exerzan nun territorio diferente ao da súa colexiación, comunicación nin habilitación ningunha, nin o pagamento de contraprestacións económicas distintas daquelas que exixan habitualmente aos seus colexiados pola prestación dos servizos dos cales sexan beneficiarios e que non se encontren cubertos pola cota colexial.

Se os respectivos estatutos particulares prevén cota de inscrición, o seu importe non poderá superar o dos custos da súa tramitación.

4. En caso de exercicio profesional en territorio distinto ao da colexiación, e para os efectos de exercer as competencias de ordenación e potestade disciplinaria que correspondan ao Colexio do territorio en que se exerza a actividade profesional, en beneficio dos consumidores e usuarios, os colexios deberán utilizar mecanismos de comunicación e os sistemas de cooperación administrativa entre autoridades competentes previstos na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. As sancións impostas, se for o caso, polo Colexio do territorio en que se exerza a actividade profesional producirán plenos efectos en toda España.

5. No caso de desprazamento temporal ou ocasional dun profesional doutro Estado membro da Unión Europea, observarase o disposto sobre o recoñecemento de cualificacións profesionais no Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, e a Directiva 2006/100/CE, do Consello, do 20 de novembro de 2006, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais, así como a determinados aspectos do exercicio da profesión de avogado.

## Artigo 17. *Clases de colexiados.*

### 1. Establécense os seguintes tipos de colexiados:

a) Colexiados ordinarios: serán aquelas persoas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 16.1. Os colexiados ordinarios poderán ser exercentes ou non exercentes.

b) Colexiados de honra: aquelas persoas físicas ou xurídicas ás cales os colexios conceden esta distinción polos seus méritos, profesionais ou académicos, concernentes ás actividades profesionais da enxeñaría en informática, ou en relación coa ciencia e a tecnoloxía informática en xeral ou, así mesmo, respecto á organización colexial en xeral ou dun colexio en particular. Tamén os que destacasen polo seu especial labor en interese da cidadanía en materia de ciencia e tecnoloxía informática. Todo isto de conformidade co disposto nos respectivos estatutos particulares.

2. Os colexios poderán regular nos seus estatutos particulares a figura do membro precolexiado para incorporar aqueles estudantes que se encontren cursando algunha das titulacións que habilitan para a profesión de Enxeñaría en Informática. En todo caso, a figura do precolexiado non se incardina propiamente entre os membros do Colexio nin participa aínda da colexiación nin do exercicio profesional, ben que se pode concibir como unha forma de colaboración coa Corporación cun estatus xurídico particular do precolexiado que será definido pola corporación colexial que opte pola súa existencia, mediante as normas de desenvolvemento estatutario que, para tal efecto, aprobe a Asemblea Xeral.

## Artigo 18. *Dereitos dos colexiados.*

### 1. Son dereitos dos colexiados:

- a) Concorrer, con voz e voto, ás asembleas.
- b) Dirixirse aos órganos de goberno para formular peticións e queixas, e solicitar información sobre a actividade colexial.
- c) Elixir e ser elixidos para cargos directivos nas condicións que sinalen os estatutos particulares.
- d) Requirir a intervención do Colexio, ou o seu informe, cando proceda.
- e) Ser amparado polo Colexio en canto afecte a súa condición de profesional da enxeñaría en informática.
- f) Desfrutar das concesións, beneficios, dereitos e vantaxes que se outorguen aos colexiados en xeral, para si ou para as súas familias.
- g) Realizar, a través do sistema de portelo único, os trámites necesarios e obter a información precisa para o acceso á súa actividade profesional e o seu exercicio, incluíndo a colexiación e a baixa de forma electrónica.

2. Os colexiados de honra poderán ter os mesmos dereitos que os colexiados ordinarios a excepción dos expresados nos parágrafos a), c) e e).

## Artigo 19. *Obrigacións dos colexiados.*

### 1. Son deberes xerais dos colexiados:

- a) Someterse á normativa legal e estatutaria, ás normas e usos propios da deontoloxía profesional e ao réxime disciplinario colexial.
- b) Observar unha conduta digna da súa condición profesional e do cargo profesional que exerza, e desempeñalo con honradez, celo e competencia.
- c) Establecer, manter e estreitar as relacións de unión e compañeirismo que deben existir entre todos os profesionais da enxeñaría en informática.

2. Son obrigacións especiais dos colexiados:
  - a) Contribuír puntualmente ao sostemento económico do Colexio.
  - b) Declarar en debida forma a súa situación profesional e os demais actos que lles sexan requiridos na súa condición de colexiados, relativos aos seus dereitos e obrigacións colexiais.
  - c) Acatar e cumprir os acordos que adopten os órganos corporativos na esfera da súa competencia.
  - d) Comunicar ao Colexio respectivo cantas circunstancias de tipo profesional sexan requiridas para o cumprimento das funcións colexiais.

## CAPÍTULO IV

### Do visado colexial

#### Artigo 20. O visado.

1. O visado dos traballos profesionais é voluntario.
2. Non obstante, os colexios deberán atender as solicitudes de visado dos seus colexiados, organizando os servizos adecuados para isto. As solicitudes poderán tramitarse por vía electrónica.
3. O visado comprobará a identidade e habilitación profesional do autor do traballo e utilizará para isto os rexistros de colexiados, así como a corrección e integridade formal da documentación do traballo profesional de acordo coas normas polas que este se rexa ou sexan aplicables.

Así mesmo, o visado expresará de forma clara cal é o seu obxecto, detallará os aspectos sometidos a control e informará sobre a responsabilidade subsidiaria que asume o Colexio polos danos derivados dun traballo profesional visado polo propio colexio, sempre que os ditos danos teñan a súa orixe en defectos que debesen ser postos de manifesto polo Colexio ao visar o traballo profesional e que garden relación directa cos elementos que foron visados nese traballo concreto.

O visado non comprenderá o control técnico dos elementos facultativos do traballo profesional. Tampouco comprenderá os honorarios profesionais nin as demais condicións contractuais, cuxa determinación se deixa ao libre acordo das partes.

4. O custo do visado será razoable, non abusivo nin discriminatorio. Os colexios farán públicos os prezos dos visados dos traballos.

## CAPÍTULO V

### Recursos económicos e orzamentos dos colexios

#### Artigo 21. Recursos económicos.

Os colexios disporán dos seguintes recursos económicos:

- a) O importe das cotas que satisfagan os colexiados.
- b) As rendas, produtos e xuros do seu patrimonio.
- c) As doazóns, legados, herdanzas e subvencións dos cales o Colexio poida ser beneficiario.
- d) As achegas, se for o caso, de entidades públicas.
- e) Os dereitos que corresponda percibir ao Colexio polos servizos prestados a colexiados ou a terceiros, como o visado dos traballos realizados polos colexiados, certificacións sobre documentos ou outros servizos distintos dos anteriores. Os importes para percibir por tales servizos serán fixados pola Asemblea Xeral de cada colexio.
- f) Os beneficios derivados de ditames, asesoramentos, cursos, seminarios, venda de publicacións ou impresos e outras actividades.
- g) Os beneficios dos seus contratos e concertos con entidades públicas ou privadas.
- h) Os que por calquera outro concepto procedan conforme a normativa aplicable.

## Artigo 22. *Cotas.*

As cotas que, para o sostemento do Colexio, veñen obrigados a satisfacer os colexiados serán de dúas clases: ordinarias e extraordinarias.

## Artigo 23. *Cotas ordinarias.*

As cotas ordinarias deberán ser aprobadas pola Asemblea Xeral e terán en consideración que:

a) O Consello Xeral, mediante acordo da súa Asemblea Xeral, poderá establecer unha cota colexial anual mínima para todos os colexios que, en ningún caso, será superior ao 1 por cento do salario mínimo interprofesional anual.

b) Para os colexiados non exercentes e de honra observarase, para a súa determinación, o disposto nos estatutos particulares correspondentes.

c) Os estatutos particulares poderán establecer condicións especiais nas cotas, dereitos e deberes dos colexiados exercentes en correlación con situacións extraordinarias ou temporais, en especial en relación coa situación de desemprego.

## Artigo 24. *Cotas extraordinarias.*

As cotas extraordinarias deberán ser acordadas pola Asemblea Xeral, coas limitacións que, se é o caso, establezan os estatutos particulares.

## Artigo 25. *Pagamentos e recadación de cotas.*

1. Os estatutos particulares de cada colexio determinarán a forma de pagamento e recadación das cotas.

2. O colexiado que non aboe as cotas nos prazos correspondentes recibirá do Colexio por escrito reclamación advertíndoo do impagamento.

3. Se persiste na súa actitude de impagamento e se acumulan máis de dous períodos consecutivos, será requirido para facelos efectivos e concederáselle, para o efecto, o prazo de 15 días, transcorrido o cal se lle recargará un 20% anual, se non satisfixo a súa obrigaón.

4. Se o colexiado persiste en non pagar na forma e no prazo previstos no parágrafo anterior, con independencia da recarga e da reclamación das cantidades debidas, quedará suspendido no desfrute de todos os seus dereitos colexiais mentres non faga efectivo o pagamento das súas obrigaóns. A suspensión levantarase automaticamente no momento en que cumpra as súas débedas colexiais.

5. Unha vez transcorridos seis meses desde o requirimento colexial, o impagamento poderá dar lugar á baixa do colexiado. A baixa do colexiado por incumprimento do deber de pagamento de cotas só se poderá executar cando o dito incumprimento sexa reiterado, a decisión colexial de baixa sexa firme e a dita baixa non comporte a inhabilitación para o exercicio profesional.

6. A suspensión no desfrute dos dereitos colexiais non ten carácter de sanción disciplinaria.

## Artigo 26. *Orzamentos.*

O réxime económico dos colexios é orzamentario. O orzamento será único, comprenderá a totalidade de ingresos e gastos do Colexio, e deberase referir ao ano natural.

## Artigo 27. *Achegas dos colexios e consellos autonómicos.*

Os colexios e, se for o caso, os consellos autonómicos deberán satisfacer as achegas económicas aprobadas pola Asemblea Xeral do Consello.

## TÍTULO III

### Do Consello Xeral de Colexios

#### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

##### Artigo 28. *O Consello Xeral.*

1. O Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñaría en Informática é unha corporación de dereito público, sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, amparado no artigo 36 da Constitución española, que se rexe pola Lei 20/2009, do 4 de decembro, de creación do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñaría en Informática, pola Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais e polos presentes estatutos.

2. O Consello Xeral estará integrado por todos os colexios de enxeñaría en informática e consellos autonómicos existentes en España.

3. O acrónimo do Consello Xeral será CCII.

##### Artigo 29. *Fins.*

Son fins esenciais do Consello Xeral:

a) A ordenación, no ámbito da súa competencia, do exercicio da profesión de enxeñaría en informática.

b) Promover o progreso da sociedade da información e o coñecemento en España, e a súa contribución ao interese xeral.

c) Velar, no ámbito da súa competencia, polo cumprimento dos preceptos constitucionais sobre o uso da informática para garantir a honra e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos, entre os que se encontra o dereito á propia imaxe.

d) Coordinar e representar os colexios e os consellos autonómicos, se for o caso, en canto ás funcións que lle son propias e se regulan nos seus estatutos, nos ámbitos nacional e internacional.

e) A representación institucional da enxeñaría en informática.

f) A defensa dos intereses profesionais dos membros colexiados pertencentes ás corporacións integrantes, así como a protección dos intereses dos consumidores e usuarios dos servizos dos ditos profesionais.

g) A defensa e promoción da enxeñaría en informática como profesión, a través de cantas actividades poidan contribuir ao seu desenvolvemento e avance.

h) Calquera outro fin que lle atribúa a lei ou os presentes estatutos, e que contribúa ao desenvolvemento da enxeñaría en informática e da sociedade no seu conxunto.

##### Artigo 30. *Funcións.*

1. Son funcións do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñaría en Informática, cando teñan ámbito ou repercusión nacional, as que a continuación se citan, sempre e cando non entren en conflito coas competencias dos distintos colexios e consellos autonómicos:

a) Cantas funcións redunden en beneficio da protección dos intereses dos consumidores e usuarios dos servizos dos membros das corporacións colexiais integrantes.

b) Exercer cantas funcións lle sexan encomendadas pola Administración pública e colaborar con esta mediante a realización de estudos, emisión de informes, elaboración de

estadísticas e outras actividades relacionadas cos seus fins que lle poidan ser solicitadas ou acorde formular por propia iniciativa.

c) Desempeñar a representación que establezan as leis para o cumprimento dos seus fins.

d) Participar nos consellos ou órganos consultivos da Administración pública na materia de competencia da enxeñaría en informática, nos termos legalmente establecidos.

e) Estar representado nos padroados universitarios, cando legalmente proceda.

f) Participar na elaboración dos plans de estudo e emitir informe sobre as normas de organización dos centros docentes correspondentes á enxeñaría en informática, sempre que os centros o soliciten, e manter permanente contacto con eles e preparar a información necesaria para facilitar o acceso á vida profesional dos novos profesionais.

g) Desempeñar, no seu ámbito, a representación e defensa da profesión ante a Administración pública, institucións, xulgados e tribunais, entidades e particulares, con lexitimación para ser parte en cantos litixios afecten os intereses profesionais e exercer o dereito de petición, conforme a lei.

h) Ordenar, no ámbito da súa competencia, a actividade profesional dos colexiados das corporacións integrantes, velando pola ética e a dignidade profesional e polo respecto debido aos dereitos dos particulares e exercer a facultade disciplinaria na orde profesional e colexial.

i) Organizar actividades e servizos comúns de interese para os colexiados das corporacións integrantes, de carácter profesional, formativo, cultural, asistencial e de previsión e outros análogos, contribuíndo ao sostemento económico mediante os medios necesarios.

j) Procurar a harmonía e colaboración entre os colexiados das corporacións integrantes, e entre estes e os demais profesionais, así como, en xeral, promover a igualdade de xénero.

k) Adoptar medidas conducentes a evitar a intrusión profesional, nos termos legalmente establecidos.

l) Intervir, en vía de conciliación ou arbitraje, nas cuestións que, por motivos profesionais, se susciten entre os colexiados das corporacións integrantes.

m) Resolver por laudo, por instancia das partes interesadas, as discrepancias que poidan xurdir sobre o cumprimento das obrigacións dimanantes dos traballos realizados polos colexiados das corporacións integrantes no exercicio da profesión.

n) Emitir informe nos procedementos xudiciais ou administrativos en que se discutan honorarios profesionais.

ñ) Organizar, se for o caso, cursos para a formación profesional dos posgraduados.

o) Cumprir e facer cumprir aos colexiados das corporacións integrantes as leis xerais e especiais e os estatutos profesionais e regulamentos de réxime interior, así como as normas e decisións adoptadas polos órganos colexiais, en materia da súa competencia.

p) Atender as solicitudes de información sobre os colexiados das corporacións integrantes e sobre as sancións firmes a eles impostas, así como as peticións de inspección ou investigación que lle formule calquera autoridade competente dun Estado membro da Unión Europea, ou das institucións da Unión Europea, nos termos previstos na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, en particular, no que se refire a que as solicitudes de información e de realización de controis, inspeccións e investigacións estean debidamente motivadas e que a información obtida se empregue unicamente para a finalidade para a que se solicitou.

q) Cantas outras funcións lle sexan atribuídas legal ou regulamentariamente e que redunden en beneficio dos intereses profesionais dos colexiados das corporacións integrantes.

2. Son funcións específicas do Consello Xeral no ámbito nacional:

a) A participación na elaboración, no ámbito da Unión Europea, dos códigos de conduta, destinados a facilitar o libre exercicio da profesión ou o establecemento dun profesional doutro estado membro, respectando, en calquera caso, as normas de defensa da competencia.

- b) Establecer os instrumentos de cooperación cos respectivos colexios para facer efectivos os mecanismos de comunicación e os sistemas de cooperación administrativa.
- c) A coordinación e representación conxunta dos consellos e colexios de Enxeñaría en Informática existentes en España.
- d) Elaborar os estatutos xerais dos colexios, así como os seus propios.
- e) Aprobar os estatutos particulares dos colexios e as súas modificacións.
- f) Visar os regulamentos de réxime interior dos colexios.
- g) Dirimir os conflitos que poidan suscitarse entre os distintos colexios.
- h) Adoptar as medidas necesarias para que os colexios cumpran as resolucións do propio Consello Xeral ditadas en materia da súa competencia.
- i) Exercer as funcións disciplinarias con respecto aos membros do propio Consello Xeral e, salvo que se dispoña outra cousa na normativa autonómica, aos membros das xuntas de goberno dos colexios.
- j) Aprobar os seus orzamentos e regular e fixar equitativamente as achegas dos colexios.
- k) Emitir informe preceptivo sobre todo proxecto de modificación da lexislación sobre colexios profesionais.
- l) Asumir a representación dos profesionais españois ante as entidades similares noutras nacións.
- m) Organizar, con carácter nacional, institucións e servizos de asistencia e previsión e colaborar coa Administración pública para a aplicación aos profesionais colexiados das corporacións integrantes do sistema de seguridade social máis adecuado.
- n) Tratar de conseguir o maior nivel de emprego dos colexiados das corporacións integrantes, colaborando coa Administración na medida que resulte necesario.
- ñ) Adoptar as medidas que considere convenientes para completar provisionalmente cos colexiados máis antigos as xuntas de goberno dos colexios, cando se produzan as vacantes de máis da metade dos cargos daquelas. A xunta provisional, así constituída, exercerá as súas funcións até que tomen posesión os designados en virtude de elección, que se celebrará conforme as disposicións estatutarias.
- o) Velar por que se cumpran as condicións exixidas polas leis e os estatutos para a presentación e proclamación de candidatos para os cargos das xuntas de goberno dos colexios.
- p) Garantir a aplicación dun código deontolóxico único para toda a profesión.
- q) Cantas outras funcións sirvan ao cumprimento dos seus fins de conformidade coa lexislación.

#### Artigo 31. *Sedes.*

1. A Asemblea Xeral poderá designar o lugar da sede institucional do Consello Xeral, así como a sede electrónica.
2. A sede executiva do Consello Xeral será a do Colexio de quen desempeñe a Presidencia da Xunta de Goberno.
3. Con independencia das sedes institucional e executiva do Consello Xeral, serán válidas as comunicacións remitidas ao Consello Xeral a través dos rexistros de entrada de calquera dos colexios ou consellos autonómicos de Enxeñaría en Informática de España. Para estes efectos, as secretarías de cada corporación tramitarán coa dilixencia debida os escritos e comunicacións remitidas ao Consello Xeral a través delas.
4. A Asemblea Xeral e a Xunta de Goberno poderán celebrar as reunións en lugares distintos de calquera das súas sedes.

#### Artigo 32. *Órganos de goberno.*

1. Os órganos de goberno do Consello Xeral son a Asemblea Xeral e a Xunta de Goberno.
2. Os órganos de goberno teñen plena independencia para o exercicio das funcións emanadas da normativa vixente e dos presentes estatutos, e velarán, en todo caso, pola actuación conxunta e coordinada para o cumprimento dos fins últimos do Consello.



## CAPÍTULO II

### Da Asemblea Xeral

#### Artigo 33. *Competencias.*

A Asemblea Xeral é o órgano máximo de goberno do Consello Xeral, e como tal asume as competencias seguintes:

- a) Elixir os cargos da Xunta de Goberno.
- b) Separar a Xunta de Goberno ou algún dos seus cargos mediante a adopción do voto de censura.
- c) Elaborar os estatutos xerais previstos no artigo 6.2. da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, segundo o establecido pola disposición transitoria segunda da Lei 20/2009, do 4 de decembro, de creación do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñaría en Informática.
- d) Aprobar a liquidación dos orzamentos, balances e contas anuais do ano vencido.
- e) Aprobar o plan anual de goberno, así como os orzamentos do ano en curso, e as habilitacións de crédito.
- f) Aprobar cada ano a memoria correspondente ao exercicio vencido, que conterà, como mínimo, a información que exige para ela o artigo 8 dos presentes estatutos.
- g) Autorizar os actos de disposición dos bens inmoables propios e dereitos reais constituídos sobre estes, así como dos restantes bens patrimoniais propios que figuren inventariados como de considerable valor.
- h) Controlar a xestión da Xunta de Goberno solicitando informes e adoptando, se for o caso, as oportunas mocións.

#### Artigo 34. *Composición.*

A Asemblea Xeral do Consello Xeral está integrada polos seguintes membros:

- a) Os que desempeñen a Presidencia ou o Decanato de cada colexio ou os que estatutariamente poidan substituílos.
- b) Un máximo de dous representantes adicionais colexiados de cada Colexio, designados polo órgano de goberno correspondente de entre os profesionais para desempeñar a condición de delegados ante a Asemblea Xeral.
- c) Os membros da Xunta de Goberno do Consello, con voz e, se for o caso, voto na medida en que sexan delegados ante a Asemblea Xeral.

#### Artigo 35. *Reunións.*

1. A Asemblea Xeral reunirase, con carácter ordinario, unha vez ao ano, dentro do primeiro cuadrimestre do ano.

2. A Asemblea Xeral reunirase con carácter extraordinario cando o soliciten, indistintamente:

- a) A Xunta de Goberno.
- b) Ao menos un terzo dos colexios que integran o Consello Xeral cunha representatividade de coeficientes de, ao menos, un quinto do total de coeficientes dos colexios ao día no pagamento das cotas.

A Asemblea Xeral extraordinaria deberá celebrarse no prazo máximo dun mes desde a solicitude, coa orde do día estrita que propoñan os solicitantes.

3. Por mandato da Presidencia, a Secretaría cursará convocatoria por escrito, coa correspondente orde do día con, ao menos, 20 días de antelación, salvo nos casos de urxencia xustificada en que se poderá convocar cun mínimo de 5 días de anticipación.

No caso da asemblea ordinaria, a orde do día incluírá, ao menos, un informe do presidente do Consello Xeral, memoria anual, aprobación de contas e orzamentos, plan

anual de goberno, proposicións que se realicen desde os colexios e suxestións e preguntas.

En cada convocatoria incluírase un número expreso que informará, sobre cada corporación, do seu coeficiente de votos asignados e das contribucións económicas pendentes que poidan dar lugar á perda de dereito a voto.

4. Esta convocatoria inserirase no taboleiro de anuncios do Consello, así como, se for o caso, na páxina web do Consello Xeral, con sinalamento do día, do lugar de celebración, da hora e da correspondente orde do día.

5. Os seguintes temas unicamente se poden someter a aprobación nunha Asemblea Xeral extraordinaria:

- a) Modificar os estatutos do Consello Xeral e estatutos xerais.
- b) Autorizar a Xunta de Goberno para o alleamento de bens inmoebles que formen parte do patrimonio da corporación.
- c) Censurar a actuación da Xunta de Goberno.
- d) Acordar a fusión, absorción, segregación e disolución do Consello Xeral.
- e) Aprobar o regulamento de réxime interno do Consello Xeral.
- f) Aprobar o código deontolóxico.

6. A Asemblea Xeral quedará validamente constituída cando, debidamente convocada, asistan en primeira convocatoria a maioría absoluta dos seus membros con dereito a voto e, en segunda convocatoria, 30 minutos máis tarde, calquera que sexa o número de asistentes.

A asistencia poderá ser telepresencial sempre que a Xunta de Goberno o dispoña e organice e os medios informáticos dispoñibles permitan seguir e intervir na asemblea de forma normal e sempre que o seu mecanismo de desenvolvemento estea regulado no regulamento de réxime interior.

7. En calquera caso, será necesaria a presenza dos seguintes cargos para que a Asemblea Xeral estea validamente constituída:

- a) En primeira convocatoria, a Presidencia e a Secretaría primeira.
- b) En segunda convocatoria, a Presidencia ou algunha das vicepresidencias e, ao menos, unha das secretarías.
- c) Se se trata dunha convocatoria extraordinaria por instancia dos membros da Asemblea Xeral, bastará coa presenza de dous dos seus membros convocantes en segunda convocatoria, os cales asumirían a Presidencia e Secretaría da sesión en ausencia dos cargos da Xunta de Goberno.

8. Quen desempeñe a Presidencia da Xunta de Goberno, ou quen o substitúa na Asemblea Xeral encargarse de presidir a reunión, así como de manter a orde, outorgar o uso da palabra e moderar o desenvolvemento dos debates.

#### Artigo 36. *Representación.*

1. A cada colexio corresponderanlle:

- a) Un coeficiente de voto, determinado como a proporción do número de profesionais colexiados no dito colexio en relación co censo total de profesionais colexiados en todo o territorio nacional, ambos acreditados na data de convocatoria de cada asemblea xeral, e expresado en porcentaxe cun máximo de dúas cifras decimais.
- b) Tres votos individuais, correspondentes ao número máximo de membros que poden asistir á Asemblea Xeral en representación dunha corporación.

2. Cada representante terá a fracción correspondente do coeficiente de cada colexio, así como un voto individual.

Se hai menos de tres representantes de cada colexio, quen desempeñe o Decanato ou Presidencia da dita corporación ou quen estatutariamente poida substituílo acumulará as fraccións dos coeficientes e os votos individuais non atribuídos.

3. Os membros designados polos consellos autonómicos terán voz nas asembleas, pero carecerán de voto individual e por coeficiente, salvo que algún dos colexios que o compoñen delegue íntegra e expresamente nestes a súa representación.

En tal caso, o criterio de distribución aos seus representantes será o mesmo que o establecido no número anterior para os colexios, tomando para a asignación a suma de votos individuais e coeficientes daqueles colexios que delegasen a súa representación.

4. As secretarías de cada colexio deberán remitir á Secretaría do Consello Xeral, con ao menos 2 días de antelación á celebración da asemblea xeral, un certificado en que consten os nomes dos representantes do Colexio para a Asemblea Xeral, os que deberán acreditar debidamente a súa identidade ante a Secretaría do Consello Xeral con carácter previo á celebración da reunión.

Este certificado non será necesario cando non se produzan variacións nos membros que asistan en representación dunha determinada corporación.

5. Os colexios deberán estar ao día do pagamento das cotas descritas no artigo 51 dos presentes estatutos xerais para facer valer os seus dereitos de representación ante a Asemblea do Consello Xeral, tal e como se especifica no artigo 38.5 dos presentes estatutos.

6. Os consellos autonómicos, se os houber, estarán representados na medida en que o estean os colexios que os integran.

7. Para garantir a participación dos colexios nas decisións da asemblea xeral, cando causas sobrevidas impidan a un decano ou presidente de Colexio a asistencia á asemblea xeral, este poderá delegar a súa representación en calquera membro da Xunta de Goberno do Consello, do cal deberá necesariamente ter constancia a Secretaría do Consello.

#### Artigo 37. *Censo de colexiados.*

1. Para realizar o cálculo dos coeficientes de representación do artigo anterior, cada colexio remitirá á Secretaría do Consello Xeral, con ao menos 2 días de antelación con carácter xeral, e 30 días de antelación en caso de eleccións, respecto da celebración da asemblea xeral, un certificado en que conste o número de colexiados censados na data da convocatoria, que será tomado como base do dito cómputo con respecto ao total nacional. Este certificado non será necesario cando non se produza variación no número de colexiados censados respecto ao último certificado emitido.

2. Os colexios de ámbito territorial facilitarán ao Consello Xeral a información sobre os colexiados necesaria para o cumprimento das súas obrigacións legais. Como mínimo, facilitarán a seguinte información relativa aos colexiados: nome e apelidos dos profesionais colexiados, número de colexiación, títulos oficiais que posúan, domicilio profesional, correo electrónico, situación de habilitación profesional e a data de colexiación. A remisión desta información actualizada farase ao menos unha vez ao ano e, en todo caso, de modo complementario ao certificado de censo de colexiados para realizar o cálculo dos coeficientes de representación.

#### Artigo 38. *Adopción de acordos.*

1. Para a adopción de acordos será necesaria a maioría simple dos votos individuais válidos emitidos (presentes ou representados) que, pola súa vez, supoñan a maioría simple da suma de coeficientes, salvo nos casos previstos nos números seguintes.

2. Requirirase o voto favorable de, ao menos, as dúas terceiras partes dos votos individuais válidos emitidos, cuxa suma de coeficientes, pola súa vez, represente ao menos as dúas terceiras partes da suma total de coeficientes correspondentes aos votos individuais válidos emitidos para os seguintes acordos:

- a) Aprobación da proposta de estatutos xerais do Consello Xeral.

- b) Moción de censura da Xunta de Goberno ou dalgún dos seus membros.
3. En caso de empate, dirimirá o voto de calidade da Presidencia.
4. As votacións serán públicas.
5. Aqueles colexios que non satisfixesen as contribucións económicas ás cales teñan obrigación, perderán o seu dereito a voto na Asemblea Xeral. Só se considerarán como posibles votos individuais válidos (presentes ou representados) os correspondentes a representantes de colexios que estean ao día das súas contribucións económicas.

### CAPÍTULO III

#### Da Xunta de Goberno

##### Artigo 39. *Composición.*

1. A Xunta de Goberno estará composta polos seguintes cargos:
  - a) A Presidencia.
  - b) Dúas vicepresidencias, denominadas primeira e segunda, respectivamente.
  - c) Dúas secretarías, denominadas Secretaría e Vicesecretaría, respectivamente.
  - d) A Tesouraría.
  - e) Un mínimo dunha e un máximo de seis vogalías.
2. Ningún Colexio poderá ter máis de tres membros na Xunta de Goberno.

##### Artigo 40. *Convocatoria electoral e proceso de elección de cargos.*

1. A convocatoria de eleccións deberá efectuala a Xunta de Goberno con, ao menos, 45 días de antelación á data de celebración, e fará públicas, ao mesmo tempo, as porcentaxes de participación provisionais correspondentes aos últimos certificados censuais de que dispoña das corporacións que integran o Consello, que estarán dispoñibles na páxina web do Consello e/ou na súa secretaría.

A Xunta de Goberno procederá, ao menos 25 días antes da data fixada para a celebración das eleccións, a facer públicas as porcentaxes de participación definitivas correspondentes aos certificados censuais recibidos na páxina web do Consello e ao seu envío ás secretarías dos colexios que forman o Consello. Os colexios que desexen formular algunha reclamación contra as porcentaxes de participación deberán formalizala no prazo de 5 días desde que foron expostas. Estas reclamacións deberán ser resoltas pola Xunta de Goberno dentro dos 3 días seguintes ao da expiración do prazo para formulalas, e a resolución deberá ser notificada a cada reclamante dentro dos 10 días seguintes. No caso de non se presentar ningunha reclamación, daranse por aceptadas as porcentaxes presentadas.

A Xunta de Goberno procederá, 3 días antes da data fixada para a celebración das eleccións, a facer públicas as porcentaxes de participación definitivas na páxina web do Consello e ao seu envío ás secretarías dos colexios que forman o Consello.

Así mesmo, a Xunta de Goberno fixará o lugar, a data e o horario para a votación, especificará a hora de apertura e peche do local onde esta se realice.

2. O presidente do Consello Xeral será elixido por todos os presidentes e decanos de España ou, no seu defecto, por aqueles que estatutariamente os substitúan, de entre as candidaturas a presidente presentadas. Poderán optar a presidente as persoas colexiadas que non estean incursas en prohibición ou incapacidade legal, estatutaria ou disciplinaria.

O candidato a presidente poderá presentar, brevemente, as circunstancias da súa candidatura e o seu programa antes de proceder á votación. O tempo máximo de presentación será de 10 minutos para cada un dos candidatos.

3. Para optar aos cargos de vicepresidente primeiro, vicepresidente segundo, secretario, vicesecretario e tesoureiro será necesario integrarse nunha candidatura

conxunta. Os candidatos ao cargo de vogal presentaranse a título individual, aínda que poden facer constar a súa adhesión a algunha das candidaturas conxuntas presentadas.

Poderán optar aos ditos cargos aquelas persoas colexiadas que non estean incursas en prohibición ou incapacidade legal, estatutaria ou disciplinaria.

As candidaturas deberán incluír, así mesmo, un mínimo de tres suplentes, e establecerase unha orde na dita lista para os efectos de substitución nos cargos da Xunta de Goberno previstos no artigo 41, número 4.

4. As candidaturas conxuntas presentaranse asinadas por, ao menos, un dos integrantes das ditas candidaturas, que incluírán a súa composición completa, no prazo de 15 días hábiles desde a data da convocatoria. Durante o mesmo período deberanse comunicar as adhesións ás candidaturas por parte dos integrantes que non as asinasen. As candidaturas e as adhesións poderanse presentar na Secretaría do Consello e nas secretarías dos colexios que o integran.

As secretarías dos colexios, pola súa vez, enviarán as ditas candidaturas e as adhesións á Secretaría do Consello en formato electrónico ao seguinte día hábil de se cumprir o dito prazo de 15 días.

O secretario do Consello xustificará a recepción das candidaturas, se é o caso, coas adhesións recibidas, que se farán públicas dentro dos 5 días seguintes á súa recepción. As adhesións orixinais achegaranse fisicamente, como máximo, na propia asemblea en que se celebran as eleccións.

5. A Secretaría do Consello facilitará que as candidaturas poidan presentar o seu programa de goberno aos colexios desde o día seguinte á publicación das candidaturas e até 24 horas antes da celebración da votación. Os mecanismos concretos para a presentación dos programas de goberno especificaranse para xeral coñecemento no momento de proclamación das candidaturas.

6. Os membros da Asemblea votarán as candidaturas e resultará elixida aquela que consiga un maior número de votos e proporción de coeficientes.

Nas anteriores votacións, en caso de empate ou de non se cumpriren as maiorías conxuntas de votos e coeficientes, procederase a unha votación en segunda volta na cal primarán os coeficientes asignados aos colexios.

No caso de presentación dunha única candidatura, esta deberá ser ratificada mediante votación o día que se fixase para ela, de tal maneira que consiga a maioría simple da Asemblea, tal e como se describe no artigo 38.1 dos presentes estatutos.

7. Aquelas candidaturas conxuntas que non resultasen elixidas poderán optar por integrar os seus candidatos nas listas de vogais. A asemblea votará os vogais un por un até o máximo establecido nos presentes estatutos, así como tres suplentes adicionais de entre os que integren as candidaturas conxuntas e individuais, e resultarán elixidos aqueles que reciban maior número de votos e proporción de coeficientes.

8. Se non se presenta ningunha candidatura no prazo estipulado, optarase pola vía electoral de listas abertas entre os membros da Asemblea, e así se fará saber a todos os compoñentes da Asemblea.

#### Artigo 41. *Vixencia dos cargos.*

1. A duración do mandato dos membros da Xunta de Goberno será de catro anos.
2. Os membros da Xunta de Goberno poderán ocupar un mesmo cargo un máximo de dous mandatos consecutivos.
3. Os membros da Xunta de Goberno cesarán cando se dea algunha das circunstancias seguintes:
  - a) Dimisión.
  - b) Por moción de censura aprobada conforme os presentes estatutos.
  - c) A causa de sanción por infracción disciplinaria grave ou moi grave, recaída por resolución firme administrativa, xudicial ou corporativa. Neste caso, tamén perderá a súa condición como membro da Asemblea Xeral.
  - d) Por terminación do mandato, segundo o disposto no número 1 deste artigo.

- e) Por causar baixa como membro colexiado.
- f) Por trasladarse do seu colexio de orixe a outro que xa conte con 3 membros na Xunta de Goberno.
- g) Pola perda da condición de membro da Asemblea Xeral.
- h) No caso dos vogais cando asuman a suplencia daqueles cargos que resultasen vacantes segundo o disposto no artigo 50.

4. Nos anteriores supostos a), c), e), f), g) e h) cando afecten vogais, a Xunta de Goberno poderá proceder á súa substitución de entre os suplentes electos, respectando a orde establecida na candidatura, e dará conta á Asemblea na seguinte reunión ordinaria.

5. As funcións dos cargos que cesaron serán asumidas por aqueles que os substitúan estatutariamente até o seu novo nomeamento.

6. Se se produce vacante de máis da metade dos membros da Xunta de Goberno ou do presidente e vicepresidente primeiro, ao mesmo tempo, os membros restantes da Xunta convocarán eleccións con carácter urxente no prazo dun mes, seguindo o procedemento descrito no artigo 40.

#### Artigo 42. *Funcións.*

Son competencias da Xunta de Goberno:

- a) A dirección e administración do Consello Xeral e dos bens deste.
- b) A execución dos acordos da Asemblea Xeral.
- c) A elaboración de borradores de anteproxectos de regulamentos, códigos e demais normas colexiais de ámbito estatal.
- d) A preparación dos asuntos que deberán ser tratados pola Asemblea Xeral.
- e) A elaboración e emisión de informes sobre as propostas legislativas da Administración xeral del Estado, nos casos legalmente previstos.
- f) A resolución dos recursos interpostos ante o Consello Xeral, en canto sexan competencia deste.
- g) A promoción de medidas de imaxe da profesión.
- h) A información aos colexios e consellos autonómicos, así como aos membros da Asemblea Xeral, das súas actuacións e de cantas cuestións os afecten.
- i) Emitir laudos.
- j) Todas aquelas funcións e actividades necesarias e inherentes ao funcionamento e actividade do Consello Xeral que non sexan de competencia exclusiva da Asemblea Xeral.
- k) Promover a creación de colexios nas comunidades autónomas e nas cidades de Ceuta e Melilla.
- l) Aprobar os plans de traballo e acordar a creación de cantas comisións, grupos de traballo ou comités sexan precisos.

#### Artigo 43. *Moción de censura.*

1. A Asemblea Xeral poderá propor a moción de censura da Xunta de Goberno.
2. A moción de censura deberá ser proposta, ao menos, pola terceira parte dos membros da última Asemblea Xeral e nela deberanse expresar con claridade os motivos en que se funda.
3. Presentada a moción, a Presidencia deberá convocar a Asemblea Xeral con carácter extraordinario no prazo máximo dun mes e con 15 días de antelación, como mínimo. Se non o fai así, quedará facultado para convocala o membro máis antigo dos asinantes da moción de censura.
4. A aprobación da dita moción de censura requirirá o voto favorable de, ao menos, as dúas terceiras partes dos votos individuais válidos emitidos, cuxa suma de coeficientes, pola súa vez, represente ao menos as dúas terceiras partes da suma total de coeficientes correspondentes aos votos individuais válidos emitidos.

5. A aprobación da moción de censura comportará a celebración, dentro do prazo máximo dun mes, dunha nova elección da Xunta de Goberno, continuando mentres esta en funcións até a toma de posesión dos novos cargos electos.

6. Os que presentasen unha moción de censura non poderán formular ningunha outra contra a mesma Xunta de Goberno no prazo dun ano.

7. A Xunta de Goberno poderá someter á Asemblea Xeral moción de confianza para a ratificación da súa xestión e/ou programa de goberno, cuxa formulación, tramitación e efectos se axustarán ao previsto para a moción de censura.

#### Artigo 44. *Convocatoria e reunións.*

1. A Xunta de Goberno reunirse, como mínimo, con carácter trimestral ou cando o solicite a Presidencia ou tres dos seus membros mediante comunicación á Presidencia.

2. As convocatorias serán realizadas pola Secretaría, por mandato da Presidencia, cun mínimo de 10 días de antelación, con expresión do lugar, do día e hora, así como da orde do día.

En casos de urxencia xustificada, a convocatoria poderase realizar, cunha antelación mínima de 3 días, por calquera medio que permita un nivel mínimo de constancia e seguridade. En caso de non ser presencial, indicarse o procedemento que se seguirá para a realización da convocatoria.

3. A Xunta de Goberno quedará validamente constituída sempre que, debidamente convocada, asistan en primeira convocatoria as dúas terceiras partes dos seus membros, sempre que entre eles se encontre a Presidencia ou algunha das vicepresidencias e a secretaria e, en segunda convocatoria 30 minutos máis tarde, calquera que sexa o número de asistentes, sempre que entre eles se encontre a Presidencia ou algunha das vicepresidencias e a Secretaría ou Vicesecretaría.

4. As reunións da Xunta de Goberno poderanse realizar a distancia, logo de acordo dos seus membros, utilizando os medios tecnolóxicos que resulten necesarios e que garantan:

- a) A posibilidade tecnolóxica de todos os membros de participar da reunión.
- b) A constancia documental dos acordos.
- c) Os membros da Xunta de Goberno deben manter, en todo momento, a confidencialidade sobre os contidos expresados no transcurso da celebración da Xunta, a excepción daqueles que pola súa natureza, contido e de conformidade cos estatutos se deban facer públicos. Os acordos comunicaranse ás corporacións membros do Consello.

#### Artigo 45. *Adopción de acordos.*

1. Cada membro da Xunta de Goberno ten un só voto, sen que proceda a súa delegación.

2. Os acordos tomaranse por maioría simple dos presentes.

3. O voto de calidade da Presidencia dirimirá os posibles empates.

### CAPÍTULO IV

#### **Dos cargos unipersonais**

#### Artigo 46. *Presidencia.*

Son funcións de quen desempeñe a Presidencia da Xunta de Goberno:

- a) Convocar e presidir as reunións da Asemblea Xeral e Xunta de Goberno.
- b) Coordinar as tarefas da Xunta de Goberno de maneira que facilite e contribúa ao cumprimento das súas funcións.

c) Representar o Consello Xeral en todos os seus ámbitos de actuación e, en tal calidade, asumir a representación corporativa no exercicio de cantos dereitos e deberes incumban ao Consello fronte a terceiros, públicos ou privados.

d) Asumir cantas competencias deriven dos presentes estatutos, a lexislación vixente e as que sexan precisas para levar a cabo o normal funcionamento do Consello Xeral ou as que lle encomende a Asemblea Xeral.

e) O presidente designará de entre os vicepresidentes o que deba substituílo, en caso de non poder presidir ou exercer nalgún momento algún acto ou convocatoria que lle corresponda de acordo cos estatutos vixentes.

f) Emitir laudos.

#### Artigo 47. *Vicepresidencias.*

1. Quen desempeñe a Vicepresidencia primeira substituirá a Presidencia en caso de vacante, ausencia ou enfermidade e en todas aquelas tarefas que lle encomende a Presidencia, e será necesario informar a esta do desenvolvemento das súas funcións.

2. Así mesmo, poderá ter calquera outra función encargada pola Xunta de Goberno e non atribuíble ao resto de cargos.

3. Quen desempeñe a Vicepresidencia segunda asumirá as funcións da Vicepresidencia primeira en caso de ausencia ou vacante desta.

#### Artigo 48. *Secretaría e Vicesecretaría.*

1. Son funcións de quen desempeñe a Secretaría da Xunta de Goberno:

a) A constancia documental dos acordos da Asemblea Xeral e a Xunta de Goberno, certificándoos co visto e praxe da Presidencia, e redactando a acta de todas as reunións.

b) A custodia e actualización dos principais datos de contacto dos membros da Asemblea Xeral, así como das Xuntas de Goberno, tanto do Consello Xeral como do resto de corporacións, que estarán á disposición de todos os integrantes da Asemblea Xeral.

c) Recibir e dar contas á Presidencia de todas as solicitudes e comunicacións que se remitan ao Consello.

d) Asumir a coordinación administrativa dos distintos órganos e servizos do Consello Xeral, así como a xefatura do persoal laboral do Consello Xeral.

e) Asumir cantas competencias derivan dos presentes estatutos xerais e da lexislación vixente, así como as que lle encomende a Asemblea Xeral ou a Presidencia.

2. Quen desempeñe a Vicesecretaría asumirá as funcións da Secretaría en caso de ausencia ou vacante.

#### Artigo 49. *Tesouraría.*

Son funcións de quen desempeñe a Tesouraría da Xunta de Goberno:

a) A xestión económica do Consello Xeral e, por conseguinte, os seus fondos e a súa administración. Esta función non poderá ser delegable en ningún caso.

b) Presentar os orzamentos de ingresos, gastos e memorias económicas, así como establecer os medios para o cobramento das cotas e a súa xestión.

c) Realizar o control das operacións bancarias que deba facer o Consello Xeral.

d) Abrir, dispor e cancelar contas bancarias, que serán sempre de disposición mancomunada da Tesouraría e un ou máis membros da Xunta de Goberno, por acordo desta.

e) Asumir cantas competencias derivan dos presentes estatutos, da lexislación vixente, así como as que lle encomende a Asemblea Xeral ou a Presidencia.



Artigo 50. *Vogalías.*

1. As vogalías terán a función de coordinar o traballo das comisións de traballo, grupos de traballo ou comités que se vaian constituíndo por acordo da Asemblea Xeral.
2. Poderán ter, ademais, as funcións que lle encomende a Xunta de Goberno, así como a suplencia daqueles cargos que resulten vacantes, e será necesario informala do desenvolvemento da súa función.
3. Achegará, así mesmo, cantas propostas contribúan ao bo funcionamento do Consello Xeral.

## CAPÍTULO V

### Do financiamento do Consello Xeral

Artigo 51. *Das cotas.*

1. Para o sostemento económico e o logro dos fins do Consello Xeral, a Asemblea Xeral poderá fixar as cotas que considere necesarias.
2. As cotas poderán ser ordinarias ou extraordinarias.
3. O Consello Xeral, sempre que se garanta a viabilidade económica da corporación, poderá establecer criterios xerais de exención, total ou parcial, así como de bonificación ao pagamento das cotas por parte das corporacións.

Artigo 52. *Do cobramento das cotas.*

1. A obrigaón de pagamento por parte das corporacións ao Consello Xeral nacerá cando concorra algún dos seguintes supostos:
  - a) No caso das cotas ordinarias, co inicio do ano natural.
  - b) No caso das cotas extraordinarias, ao día seguinte da data da asemblea xeral en que se acordou o seu establecemento.
  - c) No caso de colexios ou consellos autonómicos de nova creación, no momento que adquiran personalidade xurídica propia.
2. O prazo máximo para o aboamento íntegro das cotas por parte das corporacións computarase, salvo acordo en contrario na Asemblea Xeral, da seguinte maneira:
  - a) Para as cotas ordinarias, o último día hábil do terceiro mes do ano, ou o día anterior á celebración da asemblea xeral ordinaria, o que antes suceda.
  - b) Para as cotas extraordinarias, seis meses contados desde a súa aprobación, ou o que a Asemblea Xeral determine no acordo onde se estableceu.
3. Os colexios que non realicen os aboamentos correspondentes incorrerán na situación de inhabilitación de voto descrita no artigo 38.5 dos presentes estatutos.

Artigo 53. *Das cotas ordinarias.*

1. Cada colexio deberá aboar as cotas ordinarias do Consello Xeral en proporción ao seu número de membros.
2. A contía das cotas terá carácter único anual, con independencia do momento de ingreso de cada profesional nun determinado colexio.
3. Unha vez que un Colexio aboa a cota ordinaria do Consello Xeral no prazo establecido no artigo 52. 2 considerarase a dita cota satisfeita para o exercicio correspondente, independentemente de posteriores variacións do número de colexiados.

Artigo 54. *Das cotas extraordinarias.*

1. As cotas extraordinarias corresponderán a cada corporación en proporción ao seu número de colexiados.

2. O cálculo da proporción realizarase de forma análoga ao de coeficientes de voto, tomando como data de referencia para o cómputo a data de convocatoria da Asemblea Xeral en que se aprobou o establecemento da cota.

Artigo 55. *Outros recursos.*

O Consello Xeral poderá contar para o seu financiamento, ademais de coas cotas a que se refire o articulado anterior, cos seguintes recursos económicos:

- a) Os dereitos ou honorarios pola emisión de certificacións, ditames, informes ou outros asesoramentos que se lle requiran e estean previstos pola lei.
- b) Os rendementos do seu patrimonio.
- c) Os ingresos por publicacións ou outros servizos remunerados que teña establecidos.
- d) As subvencións ou donativos que reciba.
- e) Cantas outras achegas adicionais prevexa a lexislación vixente.

## CAPÍTULO VI

### Dos empregados do Consello Xeral

Artigo 56. *Competencia para a súa designación e réxime de funcionamento.*

1. A Xunta de Goberno, atendendo ás necesidades do servizo, determinará e designará o número de empregados do Consello Xeral, así como a distribución do traballo, soldos e gratificacións.

2. O secretario propondrá á Xunta de Goberno as atribucións e funcións que desempeñarán os distintos empregados del.

3. No orzamento do Consello Xeral constarán as asignacións relativas ao persoal do seu cadro de persoal. A Xunta poderá nomear, con cargo a imprevistos, o persoal eventual que considere preciso.

## TÍTULO IV

### Do réxime disciplinario

Artigo 57. *Normativa aplicable.*

1. O réxime disciplinario dos membros das corporacións colexiais rexerá polo disposto nestes estatutos, no código deontolóxico e, no non previsto nos estatutos, polo disposto no título IX, capítulos I e II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e no Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

2. O réxime disciplinario establecido nestes estatutos xerais enténdese sen prexuízo das responsabilidades de calquera clase en que incorran os colexiados no desenvolvemento da profesión.

Artigo 58. *Competencia.*

1. Corresponde ao Consello Xeral a potestade disciplinaria para axuizar e sancionar infraccións cometidas polos membros integrantes dos seus órganos colexiados, así como dos integrantes dos órganos colexiados dos consellos autonómicos e das xuntas de goberno dos colexios, de acordo co disposto no artigo 9 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais. O anterior sen prexuízo do que poidan dispor outras disposicións. Esta función será exercida pola Xunta de Goberno do Consello Xeral ou, se é o caso, polo que se dispoña no Regulamento de réxime interior do Consello Xeral.

2. Os colexios exercerán a potestade disciplinaria para corrixir accións e omisións que realicen os seus colexiados. Esta función será exercida pola Xunta de Goberno do Colexio ou, se é o caso, polo que se dispoña nos estatutos particulares e/ou o Regulamento de réxime interior do Colexio.

3. Antes de imporse calquera sanción, será oída, se existe, a correspondente comisión deontolóxica da corporación colexial, cuxo informe non será vinculante.

4. A corporación colexial levará un rexistro de sancións e estará obrigada a conservar o expediente até a extinción da responsabilidade disciplinaria. As sancións disciplinarias firmes faranse constar no expediente persoal do infractor. Tales anotacións cancelaranse, de oficio ou por petición de parte, unha vez transcorrido o prazo de cancelación establecido, contado desde o día de cumprimento ou prescrición da sanción.

#### Artigo 59. *Faltas leves.*

1. Consideraranse faltas leves:

a) O incumprimento por parte dun colexiado das normas estatutarias ou dos acordos adoptados pola corporación colexial, salvo que constitúan falta de superior entidade.

b) A falta de respecto aos membros integrantes dos órganos colexiados da organización colexial no exercicio das súas funcións, cando non constituía falta grave ou moi grave.

2. Consideraranse infraccións especiais, isto é, aquelas en que se require, como cualificación específica para poder ser autor, o desempeño dun cargo corporativo, tipificadas como faltas leves:

a) O deixamento de funcións ou a falta de dilixencia, sen intencionalidade, no cumprimento das súas obrigacións como membro dos órganos de goberno da entidade.

b) O incumprimento por parte dun membro dun órgano de goberno dun colexio territorial das normas estatutarias ou dos acordos adoptados polo Consello Xeral ou, se é o caso, o Consello Autonómico, salvo que constitúan falta de superior entidade.

c) As faltas reiteradas de asistencia por causa non xustificada dun membro da Xunta de Goberno da entidade ás reunións da dita xunta de goberno no prazo dun ano, ou a non aceptación tamén inxustificada do desempeño dos cargos corporativos que se lle encomenden no prazo de dous meses.

#### Artigo 60. *Faltas graves.*

1. Consideraranse faltas graves:

a) A reiteración de faltas leves no prazo de doce meses desde a comisión da anterior infracción, fose ou non sancionada a dita infracción.

b) A negligencia reiterada no cumprimento das obrigacións asumidas nos órganos da corporación colexial.

c) Indicar unha cualificación ou título que non se posúa, dos obrigatorios para ser membro dun órgano colexiado da corporación colexial.

d) A ocultación de datos ou elementos de xuízo de interese xeral para a profesión que consten ou que, pola súa natureza, deban constar en poder dos responsables.

e) Desatender o deber dos colexiados de informar os consumidores e usuarios sobre o desenvolvemento da súa actividade profesional.

2. Consideraranse infraccións especiais, isto é, aquelas en que se require, como cualificación específica para poder ser autor, o desempeño dun cargo corporativo, tipificadas como faltas graves:

a) A indisciplina deliberadamente rebelde respecto aos órganos do Consello Xeral, ou, se é o caso, do correspondente consello autonómico, no exercicio das súas funcións e salvo que constitúan falta de superior entidade.

b) A infracción culposa ou negligente do segredo das deliberacións habidas nos órganos da entidade colexial, cando así se acorde expresamente.

c) A negligencia reiterada no cumprimento da lexislación sobre colexios profesionais, consellos autonómicos e Consello Xeral, así como dos presentes estatutos.

d) Os actos ou omisións que atenten ao respecto, á dignidade e ao código deontolóxico da profesión, realizados durante o tempo que desempeñe un cargo no seo do Consello Xeral.

e) Desatender o requirimento efectuado polo Consello Xeral sobre información de colexiados no seu ámbito territorial respectivo, en caso de ser aplicable.

f) Incumprimento dos acordos adoptados validamente polos órganos colexiados do Consello Xeral.

#### Artigo 61. *Faltas moi graves.*

##### 1. Consideraranse faltas moi graves:

a) A reiteración de faltas graves no prazo de doce meses desde a comisión da anterior infracción, fose ou non sancionada a dita infracción.

b) As faltas graves que cumpran algunha das seguintes condicións:

1.<sup>a</sup> Afecten o funcionamento democrático das entidades ou os dereitos dos colexiados.

2.<sup>a</sup> Conculquen o debido control da Asemblea Xeral da entidade.

3.<sup>a</sup> Afecten por acción ou omisión o funcionamento do Consello Xeral ou a representatividade dun Colexio no dito consello.

c) O atentado contra a dignidade das persoas con ocasión do exercicio profesional.

d) O encubrimento ou calquera tipo de amparo prestado á intrusión profesional durante o desempeño de funcións dentro do Consello Xeral, nos termos legalmente establecidos e cando fose determinado por sentenza firme.

e) A coacción, ameaza, represalia ou calquera outra forma de presión grave exercida sobre os órganos e persoas.

f) As actuacións profesionais negligentes que causen grave dano aos destinatarios do servizo profesional.

g) O incumprimento da regulación do exercicio profesional que cause grave prexuízo aos destinatarios do servizo profesional, en particular, das obrigacións de información ao destinatario.

h) As prácticas abusivas que prexudiquen gravemente os consumidores ou os usuarios dos servizos.

2. Considerarase infracción especial, isto é, aquela en que se require, como cualificación específica para poder ser autor, o desempeño dun cargo corporativo, tipificada como falta moi grave:

a) A infracción dolosa do segredo das deliberacións habidas nos órganos do Consello Xeral, cando así se acorde expresamente.

b) Calquera conduta constitutiva de delito en materia profesional, durante o desempeño dun cargo dentro da organización colexial, sempre que fose condenado por sentenza firme.

c) Desatender o requirimento efectuado polo Consello Xeral sobre o censo de colexiados do colexio respectivo, en caso de ser aplicable.

#### Artigo 62. *Sancións.*

1. As faltas leves serán sancionadas con amoestación privada e/ou pública.

2. As faltas graves de membros de órganos da entidade serán sancionadas coa suspensión do cargo asumido na entidade e inhabilitación para ocupar calquera posto de responsabilidade na corporación colexial por tempo superior a un mes e inferior a seis meses. As faltas graves de colexiados serán sancionadas coa suspensión da colexiación e inhabilitación para ocupar calquera posto de responsabilidade na corporación colexial por tempo superior a un mes e inferior a seis meses.

3. As faltas moi graves de membros de órganos da entidade serán sancionadas coa suspensión do cargo asumido na entidade e inhabilitación para ocupar calquera posto de responsabilidade na corporación colexial por tempo superior a seis meses e inferior a dous anos. As faltas moi graves de colexiados serán sancionadas coa suspensión da colexiación e inhabilitación para ocupar calquera posto de responsabilidade na corporación colexial por tempo superior a seis meses e inferior a dous anos.

4. A reiteración durante o prazo de catro anos na comisión de faltas moi graves será sancionada coa expulsión da entidade e a inhabilitación para ocupar calquera posto de responsabilidade na corporación colexial durante un prazo de até cinco anos. Esta resolución deberá ser aprobada por, ao menos, as dúas terceiras partes dos membros do órgano que realice a resolución.

5. No suposto anterior, o membro expulsado será substituído, no seo do órgano de goberno da entidade, polo mesmo procedemento establecido para o caso da dimisión do cargo.

6. Cada unha das sancións disciplinarias previstas nos números anteriores comportará a obriga de emendar ou corrixir os defectos e irregularidades observados, rectificar as situacións ou condutas improcedentes, executar, en definitiva, o acordo que, simultaneamente, adopte o órgano competente a raíz de feitos deducidos e comprobados durante a tramitación do expediente.

7. Da comisión das faltas previstas no presente título darase traslado á Xunta de Goberno do Colexio ou Consello Autonómico ao cal representase no Consello o infractor, que remitirá un informe no prazo de 10 días hábiles emitindo o parecer da corporación correspondente.

8. A falta de emisión do informe no prazo sinalado non impedirá a continuación do procedemento sancionador.

9. Para a imposición de sancións teranse en conta as seguintes circunstancias:

- a) A gravidade dos danos e perdas causados.
- b) O grao de intencionalidade, imprudencia ou negligencia.
- c) A contumacia demostrada ou desacato ao órgano competente durante a tramitación do expediente.
- d) A duración do feito sancionable.
- e) A reiteración ou a realización continuada do feito sancionable.
- f) As reincidencias.

10. As resolucións que impoñan sancións por faltas graves ou moi graves, unha vez firmes en vía administrativa, poderán ser dadas a coñecer ás autoridades interesadas, a terceiros interesados e á poboación en xeral, utilizando os medios de comunicación que se consideren oportunos.

11. As sancións de suspensión de exercicio de cargos no seo do Consello Xeral, consellos autonómicos ou corporación membro do Consello Xeral serán comunicadas ás autoridades administrativas competentes.

#### Artigo 63. *Extinción da responsabilidade disciplinaria.*

A responsabilidade disciplinaria extinguirase:

- a) Por morte do inculpado.
- b) Por cumprimento da sanción.
- c) Por prescrición das infraccións ou das sancións.
- d) Por acordo do Consello Xeral.

#### Artigo 64. *Prescrición de infraccións e sancións.*

1. As infraccións prescriben:

- a) As leves, aos seis meses.

- b) As graves, ao ano.
  - c) As moi graves, aos dous anos.
2. As sancións prescriben:
- a) As leves, aos seis meses.
  - b) As graves, ao ano.
  - c) As moi graves, aos dous anos.
3. Os prazos de prescrición das infraccións comezarán a contar desde a comisión da infracción. A prescrición interromperase por calquera actuación expresa e manifesta dirixida a investigar a presunta infracción e con coñecemento do interesado.
- Os prazos de prescrición das sancións comezan a contarse desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. A realización de calquera acto do Consello Xeral expreso e manifesto de execución da sanción interromperá o seu prazo de prescrición.
4. A cancelación supón a anulación do antecedente sancionador para todos os efectos. As anotacións no expediente persoal do infractor das sancións pola comisión de faltas leves, graves e moi graves cancelaranse, de oficio ou por petición de parte, unha vez transcorrido o prazo dun ano, no caso das sancións por faltas leves; dous anos, no caso das graves, e catro no das moi graves, contados desde o día do cumprimento ou prescrición da sanción.
5. Nos casos de expulsión, o Consello Xeral poderá, transcorridos, ao menos, tres anos desde a firmeza da sanción, acordar a rehabilitación do expulsado, para o que deberá incoar o oportuno expediente por petición del. O Consello Xeral, oído, se for o caso, o Consello Autonómico ou a corporación membro do Consello Xeral, decidirá acerca da rehabilitación, en atención ás circunstancias de feito concorrentes no solicitante.

#### Artigo 65. *Procedemento.*

1. Non se poderá impor sanción disciplinaria ningunha sen expediente previo instruído para o efecto, conforme o procedemento establecido no presente título.
- No non previsto neste título será aplicable o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto.
2. O expediente disciplinario iniciarase por acordo da Xunta de Goberno, que nomeará un instrutor entre os membros da Xunta de Goberno do Consello Xeral ou das corporacións que formen parte do Consello Xeral que conten con máis de dez anos de exercicio profesional e que poderá adoptar as medidas de carácter provisional que resulten necesarias para asegurar a eficacia da resolución que poida ditarse, o bo fin do procedemento, evitar o mantemento dos efectos da infracción e protexer as exixencias dos intereses xerais.
3. O procedemento impulsarase de oficio en todos os seus trámites. O instrutor practicará cantas probas e actuacións resulten necesarias para a determinación e comprobación dos feitos e responsabilidades susceptibles de sanción.

### TÍTULO V

#### Outras disposicións

#### Artigo 66. *Cómputo de prazos.*

Todos os prazos sinalados nestes estatutos que fosen fixados en días se computarán en días naturais.